



**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

FD: 420

Expediente nº: 1/2002.

**RESOLUCIÓN**

**PRESIDENTE:**

*Don Luis González Vázquez.*

**VOCAIS:**

*Don Manuel Martínez Garrido.*

*Don Emilio Sánchez Coto.*

*Don José Antonio Illán Torrón.*

*Don Manuel Veiga Franco.*

**SECRETARIO EN FUNCIONES:**

*Don Ángel Rodríguez González.*

Na cidade de Lugo, a doce de decembro de dous mil dous, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **1/2002** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte "DA LAMA" no concello de CERVANTES, iniciado por acordo do Xurado coa data do **4 de xullo de 2002**, sendo vocal instructor do mesmo **DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO**, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO:** Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 8 de xullo de 2002), iniciouse o expediente número **1/2002** (por instancia de **DON JOSÉ RAMÓN BALBOA RODRÍGUEZ** e **DON JOSÉ LÓPEZ DIGÓN**, veciños do lugar da Lama), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

**SEGUNDO:** Coa data do 8 de xullo de 2002, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

**TERCEIRO:** Coa data do 30 de xullo de 2002, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte "DA LAMA", non está incluído no catálogo dos de Utilidade Pública desta provincia.



**CUARTO:** Coa data do 31 de xullo de 2002 (registro de saída número 101.405, do mesmo día, mes e ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ó terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO:** Coa data do 2 de agosto de 2002, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ**, na que se fai constar que o monte "DA LAMA" tal e como se describe na solicitude do Sr. Delegado Provincial-Presidente do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non aparece inscrito nese Rexistro o devandito predio, e non existindo presentado no libro Diario e pendente de inscrición ningún documento polo que se transfira, grave ou modifique o dominio do predio que se certifica.

**SEXTO:** Coa data do 11 de setembro de 2002, comunicóuselle ó Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

**SÉTIMO:** Coa data do 11 de setembro de 2002 (registro de saída número 117.428, do día 13 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ** a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

**OITAVO:** Coa data do 11 de setembro de 2002 (registros de saída números 117.430 e 117.434, do día 13 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó concello de **CERVANTES** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o devandito monte.

**NOVENO:** Coa data do 11 de setembro de 2002 (registro de saída número 117.438, do día 13 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ RAMÓN BALBOA RODRÍGUEZ**, con domicilio no lugar da **LAMA**, na parroquia de **NOCEDA** do concello de **CERVANTES**, a iniciación do expediente.

**DÉCIMO:** Coa data do 11 de setembro de 2002 (registro de saída número 117.441, do día 13 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó solicitante da clasificación **DON JOSÉ LÓPEZ DIGÓN**, con domicilio no lugar da **LAMA**, na parroquia de **NOCEDA** do concello de **CERVANTES**, a iniciación do expediente.

**DÉCIMO PRIMEIRO:** Coa data do 12 de setembro de 2002 (registro de saída número 116.633, do mesmo día, mes e ano), remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

**DÉCIMO SEGUNDO:** Coa data do 17 de setembro de 2002, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de **BECERREÁ**, na que se fai consta-la anotación preventiva feita polo mesmo (anotación letra A, predio 7.224, libro 89 do concello de Cervantes, folio 53, tomo 448 do



arquivo).

**DÉCIMO TERCEIRO:** Coa data do 19 de setembro de 2002 (registro de saída número 120.103, do día 20 do mesmo mes e ano), comunicóuselle ó alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **NOCEDA** do concello de **CERVANTES**, o dereito da comunidade de veciños do lugar da **LAMA** á elección de dous representantes, que podrán asistir ás reunións do Xurado nas que se estudie o expediente do monte "**DA LAMA**", (con voz pero sen voto).

**DÉCIMO CUARTO:** Coa data do 10 de outubro de 2002, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número **196**, páxina **14.587**, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte "**DA LAMA**".

**DÉCIMO QUINTO:** Coa data do 14 de novembro de 2002 (registro de entrada número 198.919), recibíuse comunicación da comunidade de veciños do lugar da **LAMA**, na parroquia de **NOCEDA** do concello de **CERVANTES**, na que como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:  
**DON JOSÉ LÓPEZ DIGÓN**  
**DON JOSÉ RAMÓN BALBOA RODRÍGUEZ**

**DÉCIMO SEXTO:** Coa data do 7 de novembro de 2002 (registro de entrada número 193.914), recibíuse certificación do concello de **CERVANTES**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante o prazo de 30 días hábiles (desde o día de 17 de setembro ó 24 de outubro - ámbolos dous incluídos).

**DÉCIMO SÉTIMO:** Non se recibiu ningunha reclamación relacionada coa posible clasificación do monte "**DA LAMA**", como monte veciñal en man común.

**DÉCIMO OITAVO:** No expediente de investigación previa (carpeta-ficha), figura a comparecencia feita por un veciño do lugar da Lama, coa data do 17 de marzo de 1970, manifestando que este lugar ten unha serie de montes que poden coñecerse como monte da Lama. Procede dalgún foro antigo e teñen escrituras cos predios particulares e unha partida máis coa participación no faveo sobre o monte. Foi aproveitado sempre para scaras segundo o faveo e pastoreo comunal no que non está sementado.

**DÉCIMO NOVENO:** Coa data do 2 de decembro de 2002, recae proposta de resolución do instructor do expediente proponendo a clasificación do monte como veciñal en man común.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**1º:** O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lci de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

**2º:** O Monte "**DA LAMA**", reviste o carácter de veciñal en man común conforme ó disposto no artigo 1º. da devandita Lci.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:



**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: "DA LAMA".  
Pertenza: veciños do lugar da Lama.  
Parroquia: Noceda.  
Concello: Cervantes.  
Superficie total: 112 hectáreas.

**Estremas da parcela nº 1: 14 hectáreas:**

Norte: co monte veciñal en man común "DE NOCEDA" (expediente 21/82), pertencente ós veciños do lugar de NOCEDA da parroquia de NOCEDA, polo texto de Folguciroa. Leste e sur: co monte veciñal en man común "MADREDAGUA e BRAÑANOVA" (expediente 8/83), pertencente ós veciños do lugar de VILANOVA DO PEDREGAL da parroquia de NOCEDA. Oeste: con predios particulares.

**Estremas da parcela nº 2: 1,8 hectáreas:**

Norte, leste, sur e oeste: con predios particulares (quedan excluídas da clasificación desta parcela dous predios propiedade particular de DON MANUEL ÁLVAREZ e de DON MANUEL RODRÍGUEZ).

**Estremas da parcela nº 3: 1,2 hectáreas:**

Norte e sur: con predios particulares. Leste: coa estrada. Oeste: cun camiño público.

**Estremas da parcela nº 4: 95 hectáreas:**

Norte e leste: con predios particulares. Sur: co monte veciñal en man común "MADREDAGUA e BRAÑANOVA" (expediente 8/83), pertencente ós veciños do lugar de VILANOVA DO PEDREGAL da parroquia de NOCEDA, desde Campo do Dreiro ata Pico do Dreiro no límite coa provincia de LEÓN. Oeste: co monte veciñal en man común "DE VILARELLO (II)" (expediente 103/78), pertencente ós veciños dos lugares de VILARELLO DA IGREXA, VILARELLO DO RÍO e SAN MIGUEL da parroquia de VILARELLO, con predios particulares e co monte veciñal en man común "DE NOCEDA" (expediente 21/82), pertencente ós veciños do lugar de NOCEDA da parroquia de NOCEDA, polo regueiro dos Valiñatos.

Stamp: DELEGACIÓN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE EN MAN COMÚN LUGO - SANTIAGO

Handwritten signatures and marks:

- A large signature at the top left.
- A signature at the top right.
- A signature at the bottom left, partially enclosed in a circle.
- A signature at the bottom right.
- A horizontal line with an arrow pointing to the right, crossing the bottom signature.

